English in Use

GUÍA DIDÁCTICA PARA O PROFESORADO

CC BY SA

Ana María Losada Pérez
José Luis Murado Bouso

Título do recurso

“ENGLISH IN USE” (Unidades didácticas dixitais para alumnos de 2º da ESO)

Materia ou materias e cursos aos que se dirixa

Inglés como primeira lingua estranxeira no 2º curso da educación secundaria obrigatoria (ESO). Este recurso, ademáis, pode ser empregado con alumnos de 3º e 4º da ESO para reforzar contidos lingüísticos e socioculturais incluídos no currículo dos tres niveis.

Descrición do recurso:

Este recurso contén un total de 8 unidades didácticas integradas (UDIs) en inglés que proporcionan a profesores e alumnos as ferramentas dixitais necesarias para basear o proceso de ensino e aprendizaxe de inglés como primeira lingua estranxeira en 2º da ESO na realización de **proxectos** mediante a adquisición de competencias clave e o fomento de aptitudes para afianzar as competencias.

A **perspectiva metodolóxica** que sustenta este recurso é a recollida no Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia: un **enfoque “orientado á acción”** que considera aos alumnos como “axentes sociais” que aprenden o idioma levando a cabo unha serie de tarefas utilizando competencias específicas para conseguir un resultado concreto.

As UDIs dixitais creadas poden empregarse dentro ou fóra da aula, ou ben como unidades independentes cunha duración aproximada de 10 a 12 sesións

de 50 minutos por unidade, ou ben en conxunto como un recurso global ao longo do ano académico. Cada UDI consta de tarefas de recepción, produción e interacción oral e escrita e o seu deseño e secuenciación está orientado á realización dun proxecto colaborativo vinculado a unha das áreas temáticas recollidas nos contidos léxicos do currículo para o 1º ciclo da ESO establecido polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño. Cada unha das unidades divídese a súa vez en tres bloques de contidos e cada bloque de contidos integra os elementos do currículo de 2º de ESO na materia inglés, establecidos polo devandito decreto e organizados en 5 categorías:

- Comprensión de textos escritos (READING)
- Produción de textos escritos (WRITING)
- Comprensión de textos orais (LISTENING)
- Produción de textos orais (SPEAKING)
- Contidos fonéticos, léxicos e gramaticas (PRONUNCIATION, VOCABULARY and GRAMMAR)

Os dous primeiros bloques de cada unidade pechan cunha tarefa ("mini-project") que se completa nunha sesión e que require a posta en práctica dos contidos e estratexias adquiridos ao longo de cada bloque. O terceiro bloque de cada unidade remata cun proxecto máis amplo para cuxa realización os alumnos han de activar o aprendido ao longo de toda a unidade. A continuación inclúese unha relación das 8 unidades didácticas e cada un dos seus bloques.

O título de cada unidade recolle a área temática ao redor do que xiran as súas actividades e tarefas:

Unidade 1: *Our Ideal Classroom*	
Bloques	**Tarefas**
1.1. A new start	1.1. Crear un avatar falante con Voki
1.2. School places and times	1.2. Crear un horario semanal con Free College Schedule Maker
1.3. Our ideal classroom	1.3. Deseñar un plano da aula ideal con Classroom Architect
Unidade 2: *It's an English-speaking world*	
Bloques	**Tarefas**
2.1. English is all around	1.1. Crear un mural dixital de anglicismos con Padlet
2.2. English around the world	2.2. Crear un mapa dixital localizando países de fala inglesa con Zeemaps
2.3. How to become a Postcrosser	1.3. Enviar/recibir postais en inglés a través dunha conta colectiva en Postcrossing.com
Unidade 3: *Enjoy your meal!*	
Bloques	**Tarefas**
3.1. Food, dish or meal?	3.1. Crear un album multimedia colectivo cos almorzos saudables dos alumnos
3.2. Let's go on a picnic!	3.2. Crear invitacións para un picnic de clase
3.3. What's cooking?	3.3. Crear e publicar en Issuu un libro en inglés de receitas tradicionais galegas
Unidade 4: *We are digital natives!*	
Bloques	**Proxectos**
4.1. Inventions that changed the world	4.1. Crear un mural dixital en Padlet cos inventos indispendables na nosa vida diaria
4.2. The World Wide Web	4.2. Crear un grupo de clase en Diigo para compartir ligazóns útiles
4.3. Making the most of the web to imporve our English	4.3. Crear e publicar en YouTube vídeotitoriais de como usar sitios web para mellorar a aprendizaxe do idioma

Unidade 5: *It's time to have fun!*	
Bloques	**Proxectos**
5.1. Free time activities 5.2. Lights, camera, action! 5.3. Unha actividade que me fai feliz	5.1. Completar unha enquisa en liña con Google Forms sobre actividades de ocio 5.2. Crear e publicar en Issuu un libro de reseñas de filmes. 5.3. Crear un album multimedia colectivo en Voicethread coas actividades que fan felices aos alumnos
Unidade 6: A *Healthy Body has a Healthy Mind*	
Bloques	**Proxectos**
6.1. What are you like? 6.2. What do you look like? 6.3. Tips for healthy living	6.1. Crear e enviar con Canva unha taxeta de agradecemento a un amigo 6.2. Xogar a Quen é Quen en inglés en liña 6.3. Colaborar nunha canle de podcasts cun audio con consellos para vivir de xeito saudable
Unidade 7: *Are you a bookworm?*	
Bloques	**Proxectos**
7.1. Are you a bookworm? 7.2. The sound of stories 7.3. Booktubers recommend books	7.1. Completar unha enquisa en liña con Google Forms sobre hábitos de lectura 7.2. Escribir, recitar e compartir unha historia en inglés de 50 palabras (mini sagas) 7.3. Colaborar nunha canle en Youtube colectiva cun vídeo recomendando un libro de ficción
Unidade 8: *Earth Calling!*	
Bloques	**Proxectos**
8.1. Amazing Animals 8.2. What a Wonderful World! 8.3. Think Green!	8.1. Crear un muro dixital con información sobre animais extraordinarios 8.2. Crear e compartir un ábum multimedia sobre lugares naturais 8.3. Crear posters con consellos para ser respetuosos co medio ambiente e repartirlos no Día Mundial do Medio Ambiente

Obxectivos

O deseño das unidades e dos seus proxectos está determinado polo **obxectivo xeral** deste recurso: estimular o proceso mediante o cal os alumnos se converten en usuarios activos do idioma, o que conleva desenvolver un perfil plurilingüe e multicultural que lles permita estar mellor preparados para integrarse e participar nunha variedade de contextos e de situacións para crecer nos ámbitos persoal, público, educativo, académico ou ocupacional e profesional. Este obxectivo xeral concretízase en **obxectivos específicos** relacionados coa adquisición de **competencias e aptitudes clave**:

- As UDIs pretenden contribuír ao desenvolvemento da **competencia en comunicación lingüística**, grazas á cal o alumno é capaz de empregar o idioma como instrumento de comunicación de forma oral e escrita en diferentes ámbitos. Esta competencia tamén supón a reflexión sobre a forma e o uso do idioma, o que pode estenderse á competencia nas linguas maternas para comprender, expresarse e articular pensamentos e sentimentos sobre un mesmo, o outro, a entorna mental e física na que se constrúen as relacións como axentes sociais.
- O desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística contribúe a fomentar a **competencia social e cívica** xa que o uso efectivo dun idioma supón necesariamente asumir unha actitude de valoración e respecto cara a(s) cultura(s) e a(s) lingua(s) así como a valoración do intercambio lingüístico e cultural como unha oportunidade única de enriquecemento mutuo e de evitación ou resolución satisfactoria de conflitos.

- O deseño das UDIs tamén axudará ao alumno a desenvolver a **competencia de aprender a aprender:** Para que os alumnos sexan conscientes de que han de aprender en cada unidade, os obxectivos están descritos de maneira transparente e coherente e, asemade, cada unidade proporciona ligazóns á web para proseguir co afondamento dos contidos tratatados e estratexias traballadas.
- O enfoque orientado á acción concéntrase no estudante, que é quen aprende, constrúe as súas competencias e utilízaas para levar a cabo as tarefas e proxectos propostos nas UDIs. Xa que logo, estas poden contribuír ao desenvolvemento do **sentido da iniciativa**, en especial polo que respecta ás actividades de expresión e interacción oral e escrita, nas que, desde a súa mesma planificación, o alumnado ten que tomar decisións sobre que dicir e como facelo, en que circunstancias e dependendo de que expectativas e reaccións dos interlocutores. A elección e aplicación consciente das estratexias de comunicación, de organización do discurso, de control sobre a execución e reparación do mesmo, preparan aos estudantes para asumir as súas responsabilidades, atopar seguridade nas súas propias capacidades, reforzar a súa identidade e regular o seu comportamento.
- As tarefas incluídas nas UDIs tamén axudan ao alumnado a desenvolver a **competencia dixital**,que neste contexto tradúcese no manexo efectivo de ferramentas de autor e de aplicacións 2.0 para mellorar o proceso de aprendizaxe así como na activación de estratexias de busca, selección e tratamento efectivo de información en liña e fóra de liña.

O deseño das UDIs tamén está orientado a potenciar **aptitudes** que lle permiten ao alumnado afianzar as devanditas competencias, entre as que cabe destacar a creatividade, a motivación, a autonomía na aprendizaxe, a cooperación, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Avaliación

Utilizaranse distintos **procedementos e instrumentos de avaliación** en función da actividade ou tarefa: cuestionarios, enquisas e rúbricas. O tipo de avaliación será triple xa que comprenderá a autoavaliación, a coavaliación e a heteroavaliación, sendo o profesorado e o alumnado os axentes do proceso. Se ben o recurso pode empregarse como material de aula, é posible tamén que o alumnado leve a cabo as actividades de forma individual fóra da aula. Neste caso, a avaliación será autovaliación e se fará de forma automática. Obviamente, as tarefas de produción oral e escrita incluídas deste recurso requiren das presenza dun profesor que as avalíe empregando as ferramentas de avaliación contidas no mesmo.

Atención a diversidade

As estratexias de **atención a diversidade** concretizaranse nas seguintes medidas:

- Cada unidade incluirá tarefas de comprensión e expresión oral e escrita que requiren a colaboración en parella ou en grupo e cuxa consecución depende da posta en práctica de **estratexias de mediación** (petición de axuda, reformulación, clarificación e

reparación) que permiten responder ás necesidades cognitivas ou socio-culturais de cada alumno.

- Cada unidade incluirá **actividades de reforzo** ("Remedial work") opcionais que permitirán aos alumnos consolidar os contidos e adquirir as competencias necesarias para completar o proxecto final.
- Cada unidade incluirá **actividades de afondamento**, denominadas **“bonus tasks”** que permitirán aos alumnos consolidar e afondar nos contidos e competencias necesarias para completar cada proxecto así como coñecer contidos e competencias novas para a aprendizaxe ao longo da vida.